



NORMATIVA DE INSCRIPCIÓN A CURSOS MULTIUSOS FONTES DO SAR SANTA ISABEL

- 1.- Normas de inscrición
- 2.- Normas de Rexistro de Usuarios
- 3.- O primeiro día do curso

1.- Normas de inscrición

-Para inscribirse nos cursos de **NON ABONADOS**, tanto de adultos como de nenos será imprescindible estar empadroado/a no Concello de Santiago de Compostela. Non será preciso entregar o certificado de empadramento, pero si se fará unha comprobación posteriormente, e no caso de que a persoa non estea empadroada serán inmediatamente dada de baixa no curso no que estea inscrita.

-É preciso estar rexistrado para inscribirse ós cursos. O rexistro é único, feito o rexistro a primeira vez, as claves de usuario e contrasinal serán válidas para posteriores rexistros. (Ver Normas de Rexistro de Usuarios).

-Debemos rexistrar como usuario a cada unha das persoas que se queira inscribir (sexan abonados ou non abonados). Cada inscrición debe facerse co rexistro do usuario final ó que está destinado en concreto o curso. (Ver Normas de Rexistro de Usuarios).

-Os abonados de mañás só poden apuntarse a cursiños da mañá.

-Nesta ocasión a oferta de cursos de natación **BIMESTRAIS** está dirixida tanto ós abonados do Multiúsos Fontes do Sar como do C.D. Santa Isabel.

-Non se pode cambiar o curso, unha vez reservado, salvo causa xustificada.

Prégase que todas as persoas que sufran algún tipo de doenza, o especifiquen no apartado de observacións.

-A información dos cursos é clara e precisa. Recomendámoslle se fixe ben en todos os datos do curso (día e hora) antes de mercalo. Unha vez feito o pago correspondente non se admitirán devolucións.

2.- Normas de Rexistro de Usuarios

É preciso estar rexistrado para inscribirse ós cursos. O rexistro é único, feito o rexistro a primeira vez, as claves de usuario e contrasinal serán válidas para posteriores rexistros.

Debemos rexistrar como usuario a cada unha das persoas que se queira inscribir (sexan abonados ou non abonados). Cada inscrición debe facerse co rexistro do usuario final ó que está destinado en concreto o curso.



Exemplo: se unha familia de catro membros (pai, nai e fillos) se queren inscribir deberanse dar de alta tódolos membros da unidade familiar como usuarios únicos, sexan Abonados ou Non Abonados. O pai que desexa mercar un curso a un fillo menor de idade, o fará cos datos de rexistro do fillo, facendo a inscrición a nome do neno, e poñendo os datos da tarxeta de crédito que lle conveña na pasarela bancaria.

Os usuarios rexistrados dispoñen dun panel de control que lles permite visualizar e modificar os seus datos, así como consultar as compras realizadas (cursos de natación ou entradas de espectáculos). Para acceder ó rexistro debe pulsar sobre o icono 'Rexistro de Usuarios' que se atopa na parte superior de tódalas páxinas do web site.

3.- O primeiro día de curso

É recomendable que o primeiro día de curso te presentes 15 minutos antes na instalación para confirmar os datos de inscrición.

É imprescindible presentar o DNI, así como adxuntar o resgardo que poderás enviar no último paso (pasarela Caixa Galicia) ó teu correo electrónico.

As persoas que se inscriban e non sexan abonadas de ningunha das dúas instalacións recibirán o carné do curso.

